

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO PÚBLICO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO, COORDINACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOEDUCATIVAS NOS CENTROS MUNICIPAIS DA CASA DAS LINGUAS, SITAS NA ESTRADA DA GRANXA E PIRINGALLA.

Sendo as 13:00 horas do día 22 de abril de 2010, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego e actuando como vocais, dona Carmen Baasadre polo Grupo Municipal Socialista, don Jaime Castiñeiras, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abreira polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica do Concello e don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación

Comparecen a este acto :

- Don Santiago Seijas, como representante da empresa de A BILLARDA

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario á lectura do informe dos servizos sociais e do que resulta a seguinte cadro resumo de puntuacións:

	ALENTI	A BILLARDA
MELLORAS	20 puntos	8,97 puntos
TOTAL PUNTUACIÓN	20 puntos	8,97 puntos

A continuación se procede á apertura dos sobres C presentados polas empresas licitadoras resultando o seguinte:

* ALENTI:

Prezo: 91.346,40 €, IVE INCLUIDO e un número de horas a maiores das esixidas de 900.

Aporta dossier

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: acta XESTIÓN SERVIZO PÚBLICO CASAS LINGUAS O E .doc

Asunto: acta apertura XESTION SERVIZO PÚBLICO CASAS LINGUAS

* A BILLARDA:

Prezo: 84.000 € e un número de horas a maiores das esixidas de 200.

Os membros da mesa proceden a calcular a puntuación obtida polas dúas empresas segundo os criterios de adxudicación incluídos no prego de cláusulas administrativas, resultando o seguinte:

	OFERTA TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA	NÚMERO HORAS	TOTAL
A BILLARDA	8,97	55	5,5	69,47
ALENTI	20	7,73	25	52,73

Á vista da oferta, os integrantes da mesa acordan propoñer a adxudicación provisional do contrato á mercantil A BILLARDA, S.L nas condicións incluídas na súa proposición.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA ,

O SECRETARIO

Asdo.: Sonia Méndez García

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz